



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

A CORUÑA

Área de Medio Ambiente, Infraestructuras y Territorio. Servicio de Medio Ambiente

Aprobación definitiva da modificación puntual da ordenanza de verteduras e do servizo municipal de saneamento da Coruña, de 11 de xullo de 2013, consistente na incorporación dun novo apartado c) na disposición transitoria

ANUNCIO

APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DA ORDENANZA DE VERTE DURAS E DO SERVIZO MUNICIPAL DE SANEAMENTO DE A CORUÑA, DE 11 DE XULLO DE 2013, CONSISTENTE NA INCORPORACIÓN DUN NOVO APARTADO C) NA DISPOSICIÓN TRANSITORIA

Non presentándose alegacións no periodo de información pública da Modificación puntual da Ordenanza de verteduras e do servizo municipal de saneamento de A Coruña, consistente na incorporación dun novo apartado c) na Disposición Transitoria, publicada no BOP número 72, do 20 de abril de 2015, de conformidade co disposto no artigo 56 do RD Legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, e artigo 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, enténdese definitivamente adoptado o acordo ata ese momento provisional, polo que a dita modificación puntual da Ordenanza queda aprobada definitivamente, publicándose para os efectos do seu coñecemento.

Disposición Transitoria.- Obtención do permiso de vertedura e documentación a presentar polos usuarios xa existentes

c) Tódolos usuarios ós que se refire o apartado a) que non contasen actualmente cunha rede municipal de saneamento separativa situada diante da fachada do establecemento e na vía pública, deberán presentar coa documentación que se sinala no artigo 12 unha memoria valorada, a modo de anteproxecto, asinada por técnico competente, de adecuación interior da edificación de xeito que se detallen as obras e actuacións a realizar para contar cunha rede separativa interior de augas pluviais e fecais. Esta documentación técnica formará parte, unha vez informada favorablemente polos técnicos municipais, do permiso de vertedura, de xeito que unha vez que a rede separativa exista na vía pública e diante da fachada da edificación, deberán realizarse as actuacións sinaladas no dito documento no prazo de tres meses a contar dende a posta en marcha da devandita rede separativa municipal.”

A Coruña, 30 de xuño de 2015

O Alcalde, PD

A Concelleira Delegada de Medio Ambiente,

María García Gómez

2015/7125